

Xoves, 19 de decembro de 2024

Núm. 246

# ADMINISTRACIÓN LOCAL

## MUNICIPAL

### PORRIÑO, O

#### Persoal, oposicións

#### *BASES CONVOCATORIA PRAZAS DE CONDUCTOR E ALBANEL (C2) E OPERAROS (AP) DA OEP 2024*

Por Decreto da Alcaldía de data 04/12/2024, ditado no expediente nº. 5395/2024, aprobáronse as seguintes:

“BASES XERAIS E ESPECÍFICAS QUE REGULAN A CONVOCATORIA DOS PROCESOS SELECTIVOS PARA CUBRIR DEFINITIVAMENTE PRAZAS VACANTES NO CONCELLO DE O PORRIÑO.

#### BASES XERAIS

##### 1ª. OBXECTO

O obxecto das presentes bases xerais e específicas é regular o proceso selectivo para a cubrir definitivamente, as seguintes prazas vacantes da plantilla municipal de funcionarios de carreira:

1 Praza vacante de oficial 1ª condutor de maquinaria, funcionario de carreira, da escala de administración especial, de servizos especiais, clase cometidos especiais, grupo C, Subgrupo C2, incluída na OEP 2023 e asociada ao posto 05.01.00.02 da RPT.

2 Prazas vacantes de oficial 1ª albanel, funcionario de carreira, da escala de administración especial, de servizos especiais, clase persoal de oficios, grupo C, Subgrupo C2, e incluídas na OEP 2024 e asociadas aos postos 05.01.00.08 e 05.01.00.09 da RPT.

7 Prazas vacantes de operarios de obras e servizos, funcionarios de carreira, da escala de administración especial, servizos especiais, clase de persoal de oficios, grupo E agrupación profesionais (AP), incluídas na OEP 2024 e asociadas aos postos 05.01.00.10, 05.01.00.11, 05.01.00.12, 05.01.00.13, 05.01.00.14, 09.00.00.05 e 09.00.00.06 da RPT.

##### 2ª. SISTEMA DE SELECCIÓN.

Establécese como sistema de selección o de oposición.

##### 3ª. PUBLICIDADE DAS BASES DA CONVOCATORIA.

As presentes bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), no taboleiro da Sede Electrónica e no taboleiro físico de Edictos do Concello de O Porriño, e de forma complementaria na páxina web municipal [www.oporrino.org](http://www.oporrino.org).



Xoves, 19 de decembro de 2024

Núm. 246

O anuncio da convocatoria publicárase no Diario Oficial de Galicia (DOGA) e no Boletín Oficial del Estado (BOE).

#### 4ª. INCOMPATIBILIDADES.

Durante a relación funcional lle será de aplicación a normativa vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo da administración pública.

#### 5ª. REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para ser admitidos neste proceso selectivo os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter nacionalidade española ou atoparse comprendido no eido de aplicación do artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante TREBEP) e 52.1 e 2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia (en adiante LEPGA) relativos ao acceso ao emprego público de nacionais doutros estados membros da Unión Europea.

b) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non exceder, no seu caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Estar en posesión da titulación que se fixe nas bases específicas ou estar en condicións de obtela, na data en que remate o prazo de presentación de instancias, excepto nos casos nos que o dispensen estas. Así mesmo, deberán terse en conta as equivalencias nas titulacións establecidas pola normativa reguladora aplicable, entre elas, a fixada na Orde EDU/1063/2009, de 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharelato regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

No caso de equivalencia ou homologación deberá xustificarse citando a disposición legal en que se recoñeza tal equivalencia ou aportando unha certificación expedida en tal sentido polo organismo competente para establecelas.

d) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ó corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa foi separada ou inhabilitada. Será aplicable, non obstante, o beneficio da rehabilitación conforme ás normas penitenciarias e administrativas, que o/a aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.



Xoves, 19 de decembro de 2024

Núm. 246

f) Non estar incurso en ningún dos supostos de incompatibilidade previstos na Lei 53/1984, de 26 de decembro e no TREBEP.

g) Ter aboadas as cantidades establecidas na base 6ª das presentes bases en concepto de dereitos de participación nos procesos selectivos.

i) Calquera outro requisito que se fixe nas bases específicas de cada convocatoria.

Todos os requisitos anteriores deberán posuírse no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes e conservarse, polo menos, ata a data do seu nomeamento e toma de posesión.

#### a. 6ª DEREITOS DE PARTICIPACIÓN NOS PROCESOS SELECTIVOS.

Será requisito necesario para participar nas probas selectivas convocadas o aboamento dos dereitos de participación nos procesos selectivos de conformidade co establecido nesta base en na anterior:

Para isto, os/as aspirantes deberán aboar a taxa por dereitos de participación nos procesos selectivos mediante ingreso do importe das cantidades que a continuación se dirán na conta corrente aberta a nome deste Concello en ABANCA Corporación Bancaria, S.A (sucursal do Porriño), IBAN ES55 2080 5054 02 31 1001 7139.

Consonte a correspondente ordenanza fiscal municipal vixente deste concello as cantidades a aboar en concepto de dereitos de participación nos procesos selectivos, en función da praza á que opte o/a aspirante, son as seguintes:

- Prazas integradas no grupo C, subgrupo C2: 15,95 euros.
- Prazas integradas no grupo AP (agrupación profesional): 15,95 euros.

No xustificante do devandito aboamento, que se deberá achegar coa solicitude de participación no correspondente proceso selectivo, deberse facer constar o nome e apelidos do aspirante así como a praza á que opta.

En ningún caso a mera presentación do xustificante do pagamento e o pagamento dos dereitos de participación suporá substituír o trámite de presentación en tempo e forma da solicitude.

#### 7ª. SOLICITUDES.

As solicitudes presentaranse preferentemente por vía electrónica a través da sede electrónica do Concello do Porriño <https://oporrino.sedelectronica.gal>.

Alternativamente poderán presentarse en soporte papel no Rexistro Xeral deste Concello, en horario de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres, ou en calquera das forma establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).



Xoves, 19 de decembro de 2024

Núm. 246

As solicitudes dirixiranse ao Sr. Alcalde do Concello do Porriño, e presentaranse no prazo de 20 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE).

As solicitudes formularanse na forma que determina o artigo 66 da LPACAP ou conforme ó modelo do ANEXO II destas bases, e conterá, polo menos, os datos persoais do/a solicitante, co seu enderezo, a denominación da praza convocada, unha declaración expresa de que reúne os requisitos esixidos nestas bases xerais e específicas da convocatoria. Tamén deberase indicar claramente un número de teléfono de contacto e un correo electrónico para os efectos previstos na base 21ª.

Os/as aspirantes que acheguen as solicitudes de participación e demais documentación preceptiva por vía electrónica na sede electrónica do Concello do Porriño, ao xuntar a documentación requirida en cada caso por estas bases xerais específicas reguladoras dos diferentes procesos selectivos, deberán identificar os diferentes documentos que xuntan nomeando os correspondentes pdf que achegan (DNI, xustificante aboamento taxa, certificado de lingua Galega, etc.) para a súa identificación por parte do Servizo receptor da devandita documentación.

Ademais na solicitude deberase elixir a lingua (galego ou castelán) na que queren que se lles facilite os exercicios da oposición. Se non se indica nada entenderase que a lingua esixida é a galega. Por motivos de operatividade unha vez escollido un idioma non se permite a súa modificación.

As solicitudes tamén poderán presentarse nas demais formas que determina o artigo 16.4 da LPACAP. De cara á axilización na formación das listas provisionais de admitidos e excluídos, recoméndase aos aspirantes, que presenten a súa solicitude noutros Rexistros ou a través de correo postal na forma establecida regulamentariamente, que remitan ao e-mail deste concello, [registro@oporrino.org](mailto:registro@oporrino.org), copia da solicitude co selo do rexistro de procedencia ou, no seu caso, co selo coa data de presentación en correos dentro do citado prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas polo empregado que admita o envío antes de seren certificadas.

As solicitudes subscritas por españois no estranxeiro poderán cursarse, no prazo sinalado, a través das representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro, que a remitirán seguidamente ao organismo competente.

Os/as aspirantes que desexen que se lles teña en conta a non obrigatoriedade da proba de galego deberán achegar coa solicitude de participación a acreditación do nivel Celga (ou equivalente) que se estableza nas bases específicas. Os restantes aspirantes están obrigados á realización da proba.

Aqueles aspirantes que estean en situación de discapacidade deberán achegar o certificado de discapacidade emitido polo órgano técnico competente e solicitar a adaptación de tempo e



Xoves, 19 de decembro de 2024

Núm. 246

medios para a realización das probas da fase de oposición, debendo facelo na forma indicada na base 22ª.

Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fagan constar na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán corrixirse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.

A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión do/a aspirante.

A persoa aspirante deberá indicar na súa solicitude de participación a denominación da praza expresa a que opta. Se o/a aspirante non indica a praza á que opta, determinará a exclusión do proceso selectivo a non ser que o realice no prazo de emenda de defectos ou omisións.

A falta de presentación e pagamento dos dereitos de participación no proceso selectivo dentro do prazo de presentación de solicitudes determinará a exclusión do aspirante.

*Xunto coa solicitude se achegará:*

- Fotocopia do documento nacional de identidade ou pasaporte en vigor.
- Fotocopia da titulación establecida nas bases específicas.
- Fotocopia do carné de conducir clase C+E en vigor e certificado de aptitude profesional (CAP). Só para os aspirantes que opten a praza de oficial 1ª condutor de maquinaria.
- Fotocopia do Certificado de Lingua Galega (ou equivalente) que se determine nas bases específicas para cada praza debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional 2ª da Orde do 16 de xullo de 2007, para xustificar ter o coñecemento de lingua galega e estar exento/a de realizar o exercicio da fase da oposición.
- Declaracións responsables asinadas de cumprir os requisitos sinalados na base 5ª, apartados d), e), f).
- Fotocopia do xustificante do pagamento da cantidade ou cantidades dos dereitos de participación nos procesos selectivos, en función da praza ou prazas ás que opte o/a aspirante.
- Certificado de discapacidade emitido polo órgano técnico competente no que se acredite un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%; así como informe ou certificado de compatibilidade co desempeño das tarefas da praza convocada.

## 8ª. ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de instancias a Alcaldía ditará resolución aprobando a lista provisional de admitidos/as i excluídos/as, con especificación, no seu caso, das causas que motivaron a exclusión, así como a designación do tribunal do proceso selectivo. Esta resolución publicarase no BOPPO, no taboleiro da Sede Electrónica e no taboleiro físico de Edictos do Concello de O Porriño, e de forma complementaria na páxina web municipal [www.oporrino.org](http://www.oporrino.org).



Xoves, 19 de decembro de 2024

Núm. 246

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de 10 días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación da resolución de aprobación da lista provisional de admitidos e excluídos no BOPPO, para poder emendar, de ser o caso, os erros ou defectos que motivou a exclusión, así como para promover a recusación dos membros do tribunal.

Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non emenden a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o seu dereito para ser incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos do proceso selectivo.

Transcorrido o prazo anterior, a Alcaldía ditará resolución pola que aprobará a lista definitiva de admitidos i excluídos ao proceso selectivo e se fixara o lugar, data e hora de constitución do tribunal e de comezo das probas da oposición. Esta resolución publicarase no BOPPO, no taboleiro da Sede Electrónica e no taboleiro físico de Edictos do Concello do Porriño, e de forma complementaria na páxina web municipal [www.oporrino.org](http://www.oporrino.org).

A publicación da resolución aprobatoria das listas definitivas no BOPPO, será determinante dos prazos para os efectos de posibles impugnacións ou recursos.

O feito de figurar incluído na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza aos/ ás interesados/as a posesión dos requisitos esixidos, os cales deberán ser xustificadas documentalmente como se indica nestas bases.

#### 9ª. TRIBUNAL.

O tribunal do proceso selectivo estará formado por cinco membros, un presidente/a, un secretario/a e tres vocais designados pola Alcaldía, publicándose a súa composición consonte o disposto na base anterior, coa lista provisional de admitidos/as i excluídos/as ao proceso selectivo.

O tribunal quedará integrado, ademais, polos respectivos suplentes que serán designados pola alcaldía xunto cos titulares.

A pertenza ao tribunal de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ninguén.

Os membros do Tribunal deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para participar no proceso selectivo. Non poderá formar parte do tribunal cualificador o persoal de elección ou de designación política, o persoal interino o persoal eventual, nin tampouco as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollos ao órgano que os designe, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (en adiante LRXSP), así como cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo



Xoves, 19 de decembro de 2024

Núm. 246

13.2º do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado.

Así mesmo, as persoas interesadas poderán recusar aos membros do tribunal cando concorra neles algunha das circunstancias previstas para abstención de conformidade artigo 24 da LRXSP.

Todos os membros do tribunal terán voz e voto. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia do/a presidente/a e do secretario/a ou, no seu caso, quen lles substitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros.

O tribunal está facultado para resolver cantas dúbidas poidan exporse e para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable.

O tribunal adaptará o tempo e os medios de realización dos exercicios dos/as aspirantes con discapacidade, de forma que se garanta a igualdade de oportunidades coas demais persoas participantes, nos termos establecidos na normativa vixente.

O tribunal, por medio do seu Presidente, poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, con voz e sen voto, para as probas que estime pertinentes, limitándose estes a prestar colaboración e as súas especialidades técnicas. Así mesmo o tribunal, baixo a súa dirección, poderá valerse de persoal de apoio administrativo durante o proceso selectivo.

Aos membros do tribunal así como aos seus asesores que concorran ás súas sesións e o persoal de apoio administrativo, aboaránselles indemnizacións por asistencia e, cando cumpra, por dietas e gastos de viaxe, nas contías establecidas na lexislación vixente no momento dos devengos. As indemnizacións dos citados asesores e persoal de apoio, agás disposición en contrario, serán as establecidas para os vogais.

Os acordos do tribunal só poderán ser impugnados polos interesados nos supostos e na forma establecida na LPACAP.

Os acordos ou resolucións do tribunal cualificador vinculan á Administración, sen prexuízo de que esta, no seu caso, poida proceder á súa revisión, conforme ao previsto nos artigos 106 e seguintes da LPACAP.

## 10ª. DESENVOLVEMENTO DA OPOSICIÓN.

A data, a hora e o lugar na que deba constituírse cada Tribunal, así como o día, hora e lugar para o comezo do primeiro exercicio da oposición, fixaranse na resolución aprobatoria da lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as, que se publicará no BOPPO, no taboleiro da Sede Electrónica e no taboleiro físico de Edictos do Concello do Porriño, e de forma complementaria na páxina web municipal [www.oporrino.org](http://www.oporrino.org).

A publicación dos sucesivos anuncios de realización dos restantes exercicios e dos resultados destes efectuarase polo tribunal no taboleiro da Sede Electrónica e no taboleiro físico de Edictos





Xoves, 19 de decembro de 2024

Núm. 246

do Concello do Porriño, e de forma complementaria na páxina web municipal [www.oporrino.org](http://www.oporrino.org), con 24 horas de antelación cando menos a tal realización.

No caso de que participen persoas con discapacidade que solicitasen adaptacións de tempo e medios, será o Tribunal o que determine o contido e alcance das adaptacións solicitadas. Para a concesión ou denegación das solicitudes de adaptación, terase en conta que as mesmas non deberán desvirtuar o contido do exercicio, nin implicar a redución nin menoscabo do nivel de suficiencia esixible para superar o proceso selectivo. Para a adaptación de tempos estarase a Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño pola que se establecen criterios xerais para adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade e normativa de concordante aplicación. O Tribunal de selección poderá requirir informe e, de ser o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia.

Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único e perderán o seu dereito os que non comparezan cando se realice, agás en casos alegados e xustificadas con anterioridade á realización dos exercicios, os cales serán libremente apreciados polo Tribunal. A non presentación de un aspirante a calquera dos exercicios obrigatorios no momento de ser chamado, determinará automaticamente o decaemento do seu dereito a participar no mesmo e nos sucesivos, quedando excluído, en consecuencia, do procedemento selectivo. Aos efectos previstos neste apartado, o chamamento se considerará único, aínda que haxa que dividirse en varias sesións a realización do exercicio que así o requira, debendo asistir os aspirantes á sesión á que haxan sido convocados.

Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica dos exercicios.

Calquera referencia normativa do temario entenderase referida ás disposicións legais vixentes na data de publicación destas bases no Boletín oficial da provincia.

Cando as probas non poidan ser realizadas de forma conxunta, a orde de actuación dos/as opositores/as iniciarase alfabeticamente por aqueles/as cuxo primeiro apelido comece pola letra "H" de conformidade co establecido na Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública do 31 de xaneiro do 2024 (DOG núm. 29, de 9 de febreiro de 2024) pola que se publica o resultado do sorteo realizado ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

En calquera momento o tribunal poderá requirir os/as opositores para que acrediten a súa identidade.

Se en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do Tribunal que algún dos aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na convocatoria, logo da audiencia do/a interesado/a, deberá propoñer á Alcaldía a súa exclusión indicando as inexactitudes ou





Xoves, 19 de decembro de 2024

Núm. 246

falsidades observadas para os efectos procedentes de perda de todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación no procedemento.

Os exercicios celebraranse sen outra asistencia que os membros do tribunal, os colaboradores designados por este e os opositores, agás que o tribunal acorde a realización dalgunha proba de xeito oral, que se realizarán en sesión pública.

Non se permitirá o acceso aos locais nos que se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro instrumento ou dispositivo do que se poida valerse o opositor para auxiliarse na realización dos exercicios, agás que se atopen totalmente apagados durante o exame. En caso contrario, o opositor será sancionado coa expulsión do exame e do proceso selectivo.

O tribunal disporá os medios que estime oportunos para garantir o anonimato dos aspirantes na realización dos exercicios, agás en aqueles que pola súa natureza non sexa posible realizar de forma anónima.

Nos casos dos exercicios nos que deba garantirse o anonimato, segundo o determine o tribunal, os/as aspirantes non poderán realizar ningún sinal identificativo nas follas utilizadas para a súa realización. De non observar esta regra serán automaticamente eliminados/as do correspondente proceso selectivo, sen que se proceda nin sequera á corrección do exercicio. Esta circunstancia acordarase polo tribunal cualificador e anunciarase xunto coas cualificacións do exercicio correspondente.

Nas probas prácticas cuxa execución consista exclusivamente en tarefas manuais que os/as aspirantes deban realizar de un en un, a sesión de desenvolvemento da proba será pública excepto para as persoas opositoras chamadas para a realización desta para garantir a igualdade.

Nas probas consistentes en contestar por escrito un cuestionario tipo test o órgano de selección está habilitado para determinar a puntuación (nota de corte) esixida para superar o exercicio con posterioridade a súa corrección sempre que se faga con carácter previo a coñecer a identidade dos/as aspirantes examinados/as.

Desde a terminación dun exercicio ou proba e o comezo da/o seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de 48 horas e un máximo de 40 días naturais.

Concluído cada un dos exercicios da oposición o Tribunal fará pública a relación, por orde decrecente de aspirantes, coa indicación da puntuación obtida no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal [www.oporrino.org](http://www.oporrino.org). Os opositores que no acaden a puntuación mínima para aprobar establecidas nas bases específicas ou determinadas polo Tribunal en caso de fixar nota de corte, terán a consideración de non aptos quedando eliminados da oposición.

Contra os acordos do tribunal poderá interpoñerse un recurso administrativo de alzada ante a alcaldía por ser o órgano que os nomeou, segundo o previsto no artigo 121 da LPACAP.



Xoves, 19 de decembro de 2024

Núm. 246

### 11ª CUALIFICACIÓN DOS EXERCICIOS DA OPOSICIÓN.

Cada un dos exercicios puntuaranse de conformidade co sinalado nas bases específicas correspondentes a cada praza convocada.

### 12ª. CUALIFICACIÓN FINAL DO PROCESO SELECTIVO E RELACIÓN DE APROBADOS.

A puntuación definitiva de cada aspirante será a resultante da suma das puntuacións obtidas en cada exercicio da oposición.

No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida no primeiro exercicio e se isto non fose suficiente, pola puntuación obtida nos sucesivos exercicios ata que o empate se resolva. De persistir o empate este resolverase mediante sorteo, cuxa realización se anunciará, para a posible presenza dos aspirantes afectados, sinalando o lugar, día e hora da súa celebración, mediante anuncio publicado, cunha antelación mínima de 48 horas, no taboleiro da Sede Electrónica e no taboleiro físico de Edictos do Concello do Porriño, e de forma complementaria na páxina web municipal [www.oporrino.org](http://www.oporrino.org).

Determinada a cualificación final dos aspirantes o tribunal publicará, no taboleiro da Sede Electrónica e no taboleiro físico de Edictos do Concello do Porriño e de forma complementaria na páxina web municipal [www.oporrino.org](http://www.oporrino.org), a relación de aprobados por orde de puntuación decrecente e a proposta de nomeamento de funcionario de carreira das persoas que superasen os exercicios da oposición e obtiveran a maior puntuación.

O tribunal en ningún caso poderá aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao das prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

Non obstante o anterior, o tribunal ao cualificar cada un dos exercicios non terá en conta a limitación anterior, a cal só se terá en conta para formularlle ao Alcalde a proposta que só incluirá aqueles aspirantes que obtivese a maior puntuación final.

A proposta do tribunal terá carácter vinculante.

### 13ª. PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN PARA SER NOMEADO FUNCIONARIO DE CARREIRA.

A relación de aprobados e proposta de nomeamento, publicada no taboleiro da Sede Electrónica e no taboleiro físico de Edictos do Concello do Porriño, e de forma complementaria na páxina web municipal [www.oporrino.org](http://www.oporrino.org), conterá unha advertencia recordándolle ao opositores propostos que deberán presentar a documentación sinalada nestas bases para xustificar que cumpren os requisitos esixidos para o ingreso na función pública local e para as prazas convocadas.

Os/as aspirantes propostos/as achegarán dentro do prazo de 20 días naturais, contados desde a publicación da relación de aprobados, os documentos acreditativos de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria:



Xoves, 19 de decembro de 2024

Núm. 246

- Certificación médica oficial estendida en impreso, editado polo Consello Xeral de Colexios Oficiais de Médicos de España, debendo amais levar estampado o selo do colexio médico provincial en que este certificado sexa estendido ou se o médico pertence a unha entidade sanitaria pública no impreso oficial da devandita entidade, para acreditar que a persoa aspirante non padece enfermidade nin está afectada por limitación incompatible coas funcións a desempeñar da praza a que opte, sen prexuízo da posibilidade de posterior recoñecemento.
- Fotocopia do documento no que conste o número de afiliación á seguridade social (cartilla da seguridade social, tarxeta sanitaria, vida laboral ou documento similar que acredite tal extremo).
- Certificado de discapacidade e da compatibilidade coas funcións e tarefas da praza, cando se trate de aspirantes con discapacidade.

Ante a imposibilidade, debidamente xustificada, de presentar os documentos esixidos os/as aspirantes proposto/as poderán acreditar que reúne as condicións esixidas mediante calquera outro medio de proba admitido en dereito.

Se dentro do prazo indicado os/as aspirantes propostos/as non presentase a documentación ou non reunise os requisitos esixidos, non poderá ser nomeado, sen prexuízo das responsabilidades en que poida incurrir por falsidade.

Sempre que o tribunal de selección propoña o nomeamento de igual número de persoas aprobadas que o de prazas convocadas, e co fin de asegurar a súa cobertura, cando se produza a renuncia da persoa seleccionada antes do seu nomeamento ou toma de posesión, ou non acredite os requisitos establecidos na convocatoria, o tribunal de selección elaborará unha relación complementaria das persoas aprobadas que sigan á persoa proposta, para o seu posible nomeamento como persoal funcionario de carreira.

#### 14ª. NOMEAMENTO DE FUNCIONARIO DE CARREIRA E TOMA DE POSESIÓN.

Concluído o proceso selectivo os/as aspirantes propostos/as serán nomeados/as funcionarios/as de carreira polo Alcalde unha vez xustificado documentalmente o cumprimento dos requisitos esixidos para o ingreso.

O nomeamento efectuado publicaranse no Diario Oficial de Galicia.

A formalización da toma de posesión efectuarase no prazo de 1 mes a partir da publicación do nomeamento no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 60.c) i e) da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. No propio acto de toma de posesión, deberá prometer ou xurar o cargo na forma establecida na lexislación vixente.

De non facelo sen causa xustificada quedará na situación de cesante e consecuentemente decaído no seu dereito a ser nomeado funcionario de carreira por falta de materialización da toma de posesión no prazo outorgado para o efecto, podendo procederse polo órgano municipal competente ao nomeamento como funcionario de carreira do seguinte aspirante con maior



Xoves, 19 de decembro de 2024

Núm. 246

puntuación obtida no proceso selectivo, sempre que teña superado a totalidade de exercicios integrantes da oposición.

No acto de toma de posesión farase constar a manifestación do interesado de non vir desempeñando ningún posto ou actividade no sector público e que non realiza actividade privada incompatible ou suxeita a recoñecemento de compatibilidade, así como non atoparse percibindo pensión de xubilación, retiro ou orfandade, por dereitos pasivos ou por calquera réxime da Seguridade Social, público e obrigatorio; a non ser que solicite o recoñecemento de compatibilidade para actividades privadas ou postos do sector público de conformidade da normativa de incompatibilidades nos prazos sinalados por esta.

Se a persoa interesada viñese desenvolvendo actividades incompatibles coa condición de funcionario público, deberá optar expresamente por unha delas dentro do prazo establecido para a toma de posesión, nos termos do disposto na lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, e demais normativa de concordante aplicación; no suposto de ter a condición de funcionario público ou persoal laboral de outras Administracións Públicas, deberá acreditar a declaración da situación administrativa que proceda, de xeito tal que non se incorra en supostos de incompatibilidade, e aos efectos de garantir a correcta toma de posesión e conseguinte ingreso no emprego público.

#### 15ª. CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES.

As bases desta convocatoria vinculan a Administración municipal, aos tribunais cualificadores e ós/ás aspirantes que participen no proceso selectivo convocado.

#### 16ª. RÉXIME XURÍDICO.

No non previsto nestas bases estarase ao establecido na Lei 2/2.015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia; Lei 7/2.004, de 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes; Lei 7/1.985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local; Real Decreto Lexislativo 781/1.986, de 18 de abril, texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Real decreto lexislativo 5/2.015, de 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; Real Decreto 364/1.995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do estado; Real Decreto 896/1.991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración; Decreto 95/1.991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal ó servizo da Administración autonómica de Galicia, Lei 53/1.984 de, 26 de decembro de Incompatibilidades del Persoal ao Servizo de las Administracións Públicas, e demais disposicións concordantes e de xeral aplicación.

#### 17ª. INCIDENCIAS E IMPUGNACIÓN.



Xoves, 19 de decembro de 2024

Núm. 246

O tribunal queda facultado para interpretar as presentes bases da convocatoria e para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde da selección en todo o non previsto nestas Bases. Así mesmo, o tribunal poderá declarar durante o transcurso do proceso selectivo como excluídos a aqueles aspirantes que fagan uso de calquera actuación fraudulenta na acreditación dos requisitos e méritos requiridos nestas bases.

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven das mesmas e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecidos pola Lei 35/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, así como na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa segundo corresponda.

Ademais, contra os acordos do tribunal, os aspirantes poderán interpoñer reclamación no prazo de 5 días hábiles, contados a partir do seguinte a data da súa publicación no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal [www.oporrino.org](http://www.oporrino.org)

As reclamacións deberán ser resoltas polo tribunal, debendo ser publicadas no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, e de forma complementaria, na páxina web municipal [www.oporrino.org](http://www.oporrino.org).

Será o tribunal de selección o que determine o contido e alcance das probas selectivas a realizar nos termos do establecido nas bases, tralo asesoramento por especialistas na materia, se fose necesario, e de conformidade co temario que se incorpora como anexo destas bases, coa necesaria adaptación de tempos e medios esixida pola discapacidade dos aspirantes.

Durante o desenvolvemento das probas, poderá o tribunal de selección solicitar dos aspirantes as aclaracións complementarias que estime precisas.

#### 18ª. DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Os interesados autorizan ao Concello do Porriño á publicación, no BOPPO, taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, e na páxina web municipal [www.oporrino.org](http://www.oporrino.org), dos datos persoais, que consten no expediente da selección e que sexan necesarios publicalos de conformidade con estas Bases. A presentación da documentación requirida para participar no proceso de selección presumirá o consentimento para publicar a información nos termos indicados.

#### 19ª. REVISIÓN DAS ACTUACIÓNS.

A Administración municipal poderá, de ser o caso, proceder á revisión das resolucións do tribunal de conformidade co previsto na lexislación vixente reguladora do réxime xurídico do sector público e do procedemento administrativo común.

#### 20ª. LISTA DE RESERVA.



Xoves, 19 de decembro de 2024

Núm. 246

O Tribunal confeccionará unha lista reserva cos opositores/as que superasen todos os exercicios da oposición, ordenados pola puntuación final obtida no proceso selectivo, para os efectos de cubrir futuras necesidades de emprego de carácter interino.

A citada lista de reserva terá vixencia ata a confección dunha posterior que co mesmo obxecto e finalidade a substitúa.

A lista de reserva será aprobada polo Alcalde e publicárase no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal [www.oporrino.org](http://www.oporrino.org).

As persoas que figuren na lista de reserva deberán manter os requisitos esixidos na convocatoria para poder permanecer nela, pois en caso contrario quedarán excluídos da mesma.

#### 21ª. FUNCIONAMENTO DA LISTA DE RESERVA.

O funcionamento da lista de reserva será o seguinte:

Cando se dea unha necesidade de emprego de carácter interino se poderá proceder a realizar o chamamento aos compoñentes da lista reserva, seguindo rigorosamente a orde establecido na mesma, a través do correo electrónico que figure na solicitude de participación no proceso selectivo (ou por calquera outro medio do que quede constancia de non ter correo electrónico), outorgándosele un prazo de 2 días naturais para que manifesten se están dispostos a aceptar a oferta de ser nomeado funcionario interino a fin de cubrir a necesidade existente de emprego de carácter interino.

Se non se recibe contestación, se rexeita ou se renuncia á oferta do chamamento pola persoa interesada, no prazo establecido, perderá a súa posición na lista, pasando ao último lugar e chamarase á seguinte persoa da lista, e así sucesivamente ata que algún integrante da lista acepte a oferta do chamamento.

A persoa que acepte a oferta do chamamento deberá aportar a documentación consonte ao establecido na base 13ª.

Cando se produza o cese do funcionario interino nomeado por haber finalizado a necesidade ou causa que de orixe ao nomeamento ou por calquera das causas legais de cesamento, o aspirante manterá o lugar que ocupaba na lista.

As persoas que rexeiten a oferta de nomeamento non perderán a súa posición na lista cando o motivo do rexeitamento sexa algún dos supostos seguintes e o aspirante o acredite debidamente no prazo máximo de 2 días naturais desde o chamamento:

- a) Baixa por maternidade o paternidade.
- b) Baixa por enfermidade ou accidente.
- c) Exercicio de cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo.
- d) Estar traballando en calquera organismo público ou empresa privada.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación: IUM0K08B5G4QU7RK





Xoves, 19 de decembro de 2024

Núm. 246

- e) Cumprimento de un deber inescusable de carácter público e temporal.
- f) Coidado de fillo menor de tres anos ou de familiar ata o segundo grao que non poida valer por si mesmo e non desempeñe actividade retribuída.

## 22ª. ACCESO DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE.

Aos efectos do proceso selectivo contido nestas bases e dos actos e actuacións que deriven do mesmo, terán a consideración de persoas con discapacidade as definidas no apartado 2 do artigo 4 do texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2013 ou normativa posterior que substitúa esta definición. Non obstante, no caso de tratarse dos pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente no grao de total, absoluta ou gran invalidez, e aos pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade, so terán a condición de persoas con discapacidade aos efectos destas bases se teñen recoñecida e acreditan unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33 por cento.

As persoas con discapacidade deberán cumprir co establecido nestes bases, tendo en conta as peculiaridades ou previsións que se contemplan nesta base.

Unicamente poderán presentarse a persoas con discapacidade as que teñan tal consideración, acrediten a súa discapacidade e a compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións da praza convocada e cumpran co resto de requisitos que se determinan nestas bases.

Ademais do indicado na base 7ª relativa á presentación de solicitudes, os/as opositores/as con discapacidade xeral deberán achegar o certificado de discapacidade emitido polo órgano técnico competente no que se acredite un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%; así como o de compatibilidade co desempeño das tarefas da praza convocada.

Aqueles/as aspirantes que estean en situación de discapacidade e soliciten adaptación de tempo e medios para a realización das probas da oposición, deberán:

a) Solicitalo expresamente na súa instancia, concretando as adaptacións que necesita.

b) Achegar coa solicitude o ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de cualificación do grao de discapacidade competente, acreditando de forma fidedigna as deficiencias permanentes que deron orixe ao grao de discapacidade recoñecido, a efectos de que o órgano de selección poida valorar a procedencia ou non das adaptacións solicitadas. Só se poderá solicitar e outorgar esta adaptación se o/a aspirante presenta especiais dificultades para a realización das probas de oposición e así se acredita co ditame técnico facultativo e estas adaptacións gardan relación directa coa proba a realizar. As adaptacións de tempo deberán axustarse ao previsto na Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño pola que se establecen criterios xerais para adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade e normativa de concordante aplicación. Os órganos de selección poderán requirir informe e, de ser o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia.





Xoves, 19 de decembro de 2024

Núm. 246

Como xa se indicou, o tribunal adaptará o tempo e os medios de realización dos exercicios para estas persoas, de forma que se garanta a igualdade de oportunidades coas demais persoas participantes, nos termos establecidos na normativa vixente.

Tal como prevé o artigo 3.3 do Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, as probas selectivas para persoas con discapacidade terán idéntico contido para todos os aspirantes, sen prexuízo das adaptacións que necesiten as persoas con discapacidade.

### 23.<sup>a</sup> PUBLICACIÓN DE ANUNCIOS.

Sen prexuízo da publicación das presentes bases e demais actos que se dispoñen nelas no Boletín Oficial da Provincia e dos anuncios de convocatoria no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado e do nomeamento de funcionario de carreira no Diario Oficial de Galicia, para os efectos de publicacións relacionadas co procedemento de selección regulado nas presentes bases, procederase mediante a publicación no taboleiro da Sede Electrónica e no taboleiro físico de Edictos do Concello do Porriño, e de forma complementaria na páxina web municipal [www.oporrino.org](http://www.oporrino.org).

### *BASES ESPECÍFICAS*

#### 1) UNHA PRAZA DE OFICIAL 1<sup>a</sup> CONDUCTOR DE MAQUINARIA.

##### 1<sup>a</sup>. NÚMERO DE PRAZAS E CARACTERÍSTICAS.

Convocase unha (1) praza de oficial 1<sup>a</sup> condutor/a de maquinaria, funcionario/a de carreira, da escala de administración especial, de servizos especiais, clase cometidos especiais, grupo C, Subgrupo C2, dotada coas retribucións básicas correspondentes ao seu grupo de titulación e ás retribucións complementarias correspondentes ao posto ao que se adscriba a praza.

##### 2<sup>a</sup>. SISTEMA DE SELECCIÓN.

Establécese como sistema de selección o de oposición.

##### 3<sup>a</sup>. CONDICIÓN DOS/AS ASPIRANTES.

Ademais dos requisitos xerais sinalados na base quinta das bases xerais os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- Estar en posesión do título de Graduado en Educación Secundaria obrigatoria ou equivalente, ou estar en condición de obter a citada titulación na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

No caso de equivalencia ou homologación deberá xustificarse citando a disposición legal en que se recoñeza tal equivalencia ou aportando unha certificación expedida en tal sentido polo organismo competente para establecelas.



Xoves, 19 de decembro de 2024

Núm. 246

- Estar en posesión do carné de conducir clase C+E, así como do certificado de aptitude profesional (CAP).

#### 4ª. EXERCICIOS DA OPOSICIÓN.

*Primeiro exercicio test: con carácter obrigatorio e eliminatorio.*

Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test de 50 preguntas con catro respostas alternativas, determinado polo Tribunal inmediatamente antes de celebrarse esta proba, baseado no contido do temario establecido na base 6ª durante un período de tempo fixado polo Tribunal.

Este exercicio cualificarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para superalo obter un mínimo de cinco (5) puntos. A resposta correcta cualificaranse con 0,20 puntos, é as respostas incorrectas e preguntas deixadas en branco non descontarán puntuación.

Facultase ao Tribunal para que poida poñer preguntas de reserva tipo Test. Estas preguntas substituirán, pola súa orde correlativa, aquelas preguntas que, no seu caso, sexan obxecto de anulación despois da realización do exercicio.

*Segundo exercicio práctico: De carácter obrigatorio e eliminatorio.*

Consistirá nu exercicio práctico, que determinara o Tribunal inmediatamente antes da proba e versará sobre as funcións propias da praza e terá relación coa parte específica do temario establecido na base 6ª. Este exercicio poderá ser de carácter manual ou escrito segundo determine o tribunal e se desenvolverá no tempo que se estipule polo mesmo.

Neste exercicio valorarase, entre outros aspectos, os coñecementos, capacidades, competencias profesionais e destrezas das persoas aspirantes.

A cualificación do exercicio será de cero (0) a dez (10) puntos; quedando eliminado/a o/a aspirante que non obteña un mínimo de cinco (5) puntos.

*Terceiro exercicio: coñecemento do galego de carácter obrigatorio e eliminatorio.*

Este exercicio consistirá na tradución directa ou inversa dun ou varios textos, en castelán ou galego. Os textos serán escollidos polo tribunal cualificador do proceso selectivo inmediatamente antes de celebrarse a proba, correspondéndolle ao tribunal a fixación tanto do tempo para realizar a proba como o nivel de coñecemento esixido para superar a mesma.

Este exercicio cualificarase como apto ou non apto.

Aqueles aspirantes que, consonte a base 7ª, acreditan xunto coa solicitude para participar no proceso selectivo o nivel Celga 3 de coñecemento da lingua galega, segundo o disposto na Orde de 16 de xullo de 2007 (pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega no seu anexo I), quedan exentos da realización deste exercicio dándolles por superada esta proba coa cualificación de apto. Esta exención haberán de



Xoves, 19 de decembro de 2024

Núm. 246

acreditala documentalmente xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo, dentro do prazo de presentación de solicitudes.

### 5ª. CUALIFICACIÓN DOS EXERCICIOS DA OPOSICIÓN.

A cualificación de cada un dos exercicios da oposición será a media aritmética das puntuacións outorgadas por tódolos membros asistentes do tribunal. Cando entre dúas puntuacións outorgadas por membros do tribunal exista unha diferenza superior a tres enteiros, serán automaticamente excluídas as dúas cualificacións, maior e menor das puntuacións outorgadas, calculándose a media aritmética coas puntuacións outorgadas polos demais membros do tribunal.

Os membros do tribunal só poderán cualificar os exames daqueles aspirantes ós que corruxiran o exame ou presenciaran a súa lectura, no seu caso.

### 6ª. TEMARIO.

#### Materias comúns.

Tema 1. A Constitución Española de 1978: Estrutura e principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais dos españois.

Tema 2. A Organización do Estado na Constitución: organización institucional ou política e organización territorial. O Estatuto de Autonomía de Galicia.

Tema 3. Competencias municipais. Órganos de goberno municipais con especial referencia ao Concello de O Porriño.

Tema 4. O orzamento das entidades locais: Concepto, estrutura, elaboración e aprobación.

#### Materias específicas.

Tema 1. Prevención de riscos laborais na utilización de maquinaria pesada. Seguridade intrínseca da maquinaria: requisitos de protección contra o envorcio. Seguridade no uso de maquinaria pesada: riscos e medidas de prevención. Manipulación de cargas. Zonas mortas na diversa maquinaria de obra pública. Protección persoal.

Tema 2. Sinalización de obras. Sinalización, balizamento e outros elementos de seguridade. Colaboración na seguridade vial.

Tema 3. Traballos coa escavadora (I). Realizar os traballos propios da escavadora, con os equipos de pala frontal, retroescavación e culler bivalva, de acordo aos ciclos de produción e calidade previstos, aplicando en todo momento as normas de seguridade e hixiene vixentes.

Tema 4. Traballos coa escavadora (II). Verificar niveis. Arrancar o motor, interpretación dos aparatos de control e parada do mesmo. Conducir a máquina. Realizar movementos coa máquina e equipos en baleiro. Construír e limpar noiros. Escavar gabias. Escavar fronte de distintas clases de materiais. escavar baleirados. Construír pistas a media ladeira. Alimentar tolvas. Amorear materiais. Cargar materiais fragmentados en vehículos de transporte. Confeccionar partes. Martelos e implementos.



Xoves, 19 de decembro de 2024

Núm. 246

Tema 5. Traballos coa escavadora (III). Aplicación da maquinaria de escavación na obra civil e pública. Técnicas de realización dos traballos de escavación e carga de materiais. Mecánica do solo: esponxamento, dureza, compacidade. Estudio e interpretación de esbozos e debuxos. Movementos de pedras. Motores térmicos: compoñentes e funcionamento. Transmisións mecánicas e hidráulicas. Refrixeración de dos motores. Combustibles e circuítos de combustibles. Freos de disco, tambor e cinta. Trens de rodaxe: orugas e pneumáticos. Cables de aceiro: constitución e aplicación. Correas e cadeas: tipos e medidas. Circuítos eléctricos: compoñentes e funcionamento. Transporte de máquinas. Rocas e pedras naturais, solos e terras. Metais máis utilizados na industria de automoción e maquinaria. Normas vixentes de seguridade e hixiene no traballo.

Tema 6. Traballos con palas cargadoras. Esquema e funcionamento. Método de traballo. Operacións de Mantemento. Medidas de seguridade durante o mantemento. Áreas de estacionamento. Almacéns e talleres. Operacións: recomendacións previas. Arranque do equipo. Aspectos xerais da circulación. Arranque de materiais. Carga explanación -empuxe- desmonte con bulldozer. Outras operacións auxiliares, estacionamento, subida e baixada.

Tema 7. Retroescavadoras e miniescavadoras. Tipos. Esquema e funcionamento. Método de traballo. Operacións de mantemento.

Tema 8. Motoniveladoras. Esquema e funcionamento. Método de traballo. Operacións de Mantemento.

Tema 9. Compactadores. Tipos, esquema e funcionamento. Método de traballo. Operacións de mantemento. Bulldozer e angledozer. Tipos, esquema e funcionamento. Método de traballo. Operacións de mantemento.

Tema 10. Tipos de escavación. Pola súa profundidade. Polo seu nivel de complexidade. Polo tipo de material. Polo grao de humidade. Clasificación do solo. Estudio Granulométrico. Aproveitamento do solo. Estratigrafía do solo. Rozas. Execución de firmes, fondos de cimentación, gabias e fondos de gabia. La colocación y renovación de redes de distribución, canalizacións de auga, desaugadoiros, drenaxes, conducións de gas, electricidade e comunicacións, así como a execución de cimentacións e zapatas. Baleirados. Distancias de seguridade. Noiros. Escavacións escalonadas.

Tema 11. Procedementos de operación segura. Medidas preventivas antes de arrancar. Comprobación diario. Arranque seguro. Despois de arrancar, Procedemento de falla. Traballo coa máquina. Ao finalizar, control do estado máquina. Forzas da escavación, centro de gravidade, translacións. Interrelación e disposición dos camiións e/ou guindastres. Eixe de camiión pasa por centro xiro da máquina. Eixe de camiión non pasa por centro de xiro da máquina. Carga por atrás.

Tema 12. Reforzos de firmes, bacheos, saneamento de blandones, selados.

Tema 13. Motores diésel en escavadoras e palas cargadoras. Sistemas hidráulicos. Motor. Transmisión. Pneumáticos. Cadeas. Cabina.

Tema 14. Camións específicos para movemento de terras. Tipos. Métodos de traballo.



Xoves, 19 de decembro de 2024

Núm. 246

Tema 15. Mantemento xeral dos vehículos dun parque móbil municipal. Uso, mantemento conservación dos mesmos. Mecánica básica I: chasis e carrocería. Motores e o seu funcionamento.

Tema 16. Mantemento xeral dos vehículos dun parque móbil municipal. Uso, mantemento conservación dos mesmos. Mecánica básica II: sistema eléctrico. Baterías. Dispositivos hidráulico e pneumáticos. Mecánica básica III: Sistema de escape, transmisión, dirección, suspensión, freado, rodas, etc.

## 2) DÚAS PRAZAS DE OFICIAL 1ª ALBANEL.

### 1ª. NÚMERO DE PRAZAS E CARACTERÍSTICAS.

Convocase dúas (2) prazas de oficial 1ª albanel, funcionario/a de carreira, da escala de administración especial, de servizos especiais, clase persoal de oficios, grupo C, Subgrupo C2, dotada coas retribucións básicas correspondentes ao seu grupo de titulación e ás retribucións complementarias correspondentes ao posto ao que se adscriba a praza.

### 2ª. SISTEMA DE SELECCIÓN.

Establécese como sistema de selección o de oposición.

### 3ª. CONDICIÓN DOS/AS ASPIRANTES.

Ademais das condicións xerais sinaladas na base quinta das bases xerais os/as aspirantes deberán estar en posesión do título de Graduado en Educación Secundaria obrigatoria ou equivalente, ou estar en condición de obter a citada titulación na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

No caso de equivalencia ou homologación deberá xustificarse citando a disposición legal en que se recoñeza tal equivalencia ou aportando unha certificación expedida en tal sentido polo organismo competente para establecelas.

### 4ª. EXERCICIOS DA OPOSICIÓN.

*Primeiro exercicio test: con carácter obrigatorio e eliminatorio.*

Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test de 50 preguntas con catro respostas alternativas, determinado polo Tribunal inmediatamente antes de celebrarse esta proba, baseado no contido do temario establecido na base 6ª durante un período de tempo fixado polo Tribunal.

Este exercicio cualificarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para superalo obter un mínimo de cinco (5) puntos. A resposta correcta cualificaranse con 0,20 puntos, é as respostas incorrectas e preguntas deixadas en branco non descontarán puntuación.



Xoves, 19 de decembro de 2024

Núm. 246

Facultase ao Tribunal para que poida poñer preguntas de reserva tipo Test. Estas preguntas substituirán, pola súa orde correlativa, aquelas preguntas que, no seu caso, sexan obxecto de anulación despois da realización do exercicio.

*Segundo exercicio práctico: De carácter obrigatorio e eliminatorio.*

Consistirá nun exercicio práctico, que determinara o Tribunal inmediatamente antes da proba e versará sobre as funcións propias da praza e terá relación co a parte específica do temario establecido na base 6ª. Este exercicio poderá ser de carácter manual ou escrito segundo determine o tribunal e se desenvolverá no tempo que se estipule polo mesmo.

Neste exercicio valorarase, entre outros aspectos, os coñecementos, capacidades, competencias profesionais e destrezas das persoas aspirantes.

A cualificación do exercicio será de cero (0) a dez (10) puntos; quedando eliminado/a o/a aspirante que non obteña un mínimo de cinco (5) puntos.

*Terceiro exercicio: coñecemento do galego de carácter obrigatorio e eliminatorio.*

Este exercicio consistirá na tradución directa ou inversa dun ou varios textos, en castelán ou galego. Os textos serán escollidos polo tribunal cualificador do proceso selectivo inmediatamente antes de celebrarse a proba, correspondéndolle ao tribunal a fixación tanto do tempo para realizar a proba como o nivel de coñecemento esixido para superar a mesma.

Este exercicio cualificarase como apto ou non apto.

Aqueles aspirantes que, consonte a base 7ª, acreditaran xunto coa solicitude para participar no proceso selectivo o nivel Celga 3 de coñecemento da lingua galega, segundo o disposto na Orde de 16 de xullo de 2007 (pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega no seu anexo I), quedan exentos da realización deste exercicio dándolles por superada esta proba coa cualificación de apto. Esta exención haberán de acreditala documentalmente xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo, dentro do prazo de presentación de solicitudes.

## 5ª. CUALIFICACIÓN DOS EXERCICIOS DA OPOSICIÓN.

A cualificación de cada un dos exercicios da oposición será a media aritmética das puntuacións outorgadas por tódolos membros asistentes do tribunal. Cando entre dúas puntuacións outorgadas por membros do tribunal exista unha diferenza superior a tres enteiros, serán automaticamente excluídas as dúas cualificacións, maior e menor das puntuacións outorgadas, calculándose a media aritmética coas puntuacións outorgadas polos demais membros do tribunal.

Os membros do tribunal só poderán cualificar os exames daqueles aspirantes ós que corruxiran o exame ou presenciaran a súa lectura, no seu caso.

## 6ª. TEMARIO.

Materias comúns.



Xoves, 19 de decembro de 2024

Núm. 246

Tema 1. A Constitución Española de 1978: Estrutura e principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais dos españois.

Tema 2. A Organización do Estado na Constitución: organización institucional ou política e organización territorial. O Estatuto de Autonomía de Galicia. Título preliminar.

Tema 3. Competencias municipais. Órganos de goberno municipais con especial referencia ao Concello de O Porriño.

Tema 4. O orzamento das entidades locais: Concepto, estrutura, elaboración e aprobación.

#### Materias específicas.

Tema 6. Seguridade e saúde nas obras. Prevención de riscos laborais. Equipos de seguridade colectivos e persoais. Seguridade no proceso construtivo. Seguridade na maquinaria e medios mecánicos.

Tema 7. Conceptos xerais sobre albanería. Ferramentas, uso e mantemento. Materiais de construción. Maquinaria de construción, tipoloxía, usos, mantemento, principais reparacións e traballos de albanería.

Tema 8. Elementos de construción e obra. Muros: Muros de bloque, cachotería e outros. Elementos de construción e obra. Paredes: Paredes de ladrillo e outras. Ladrillo tipo e medidas

Tema 9. Elementos de construción e obra. Cubertas e revestimentos. Tella e lousa. Pavimentos e baldosas. Revestimentos de paredes e chans. Elementos de construción e obra. Encofrados.

Tema 10. Elementos de construción e obra. Preparación das superficies de soporte. Pinturas: Aplicación de Pinturas ao temple e plásticas. Pinturas para exteriores.

Tema 11. Materias e medios de construción e obra. Formigóns. Clases. Composición. Usos/utilidades. Preparacións. Aditivos. Materiais e medios de construción e obra. Morteiros. Clases. Composición. Usos/utilidades. Preparacións. Aditivos.

Tema 12. Outros materiais e medios de construción e obra. Metais, madeira e outros medios/materiais auxiliares.

Tema 13. Redes públicas/urbanas de abastecemento e saneamento de auga. Coñecementos e actuacións básicos de mantemento. Elementos que as compoñen. Arquetas. Sumidoiros. Pozos de Rexistro. Tubaxes; diámetros e materiais máis habituais. Incidencias/problemas máis frecuentes.

Tema 14. Pavimentación de vías e estradas. Tipoloxía. Materiais de uso básico e habitual. Mantemento e reparacións. Aceirados. Subbases. Soleiras.

Tema 15. Sinalización e validación da ocupación por obras de espazos, vías e estradas públicas. Actuacións e materiais básicos. Desvío do tráfico.

Tema 16. Escaleras. Replanteo. Trazado. Banzos. Varandas. Coñecemento do proxecto de obra. Lectura de planos. Replanteos. Medición de superficies. Áreas, volumes. Manexo de nivel.





Xoves, 19 de decembro de 2024

Núm. 246

### 3) SETE PRAZAS DE OPERARIOS DE OBRAS E SERVIZOS.

#### 1ª. NÚMERO DE PRAZAS E CARACTERÍSTICAS.

Convocase sete (7) prazas de operarios de obras e servizos, funcionarios de carreira, da escala de administración especial, servizos especiais, clase de persoal de oficios, grupo AP agrupación profesionais, dotadas coas retribucións básicas correspondentes ao seu grupo de titulación e ás retribucións complementarias correspondentes ao posto ao que se adscriba cadansúa praza.

#### 2ª. SISTEMA DE SELECCIÓN.

Establécese como sistema de selección o de oposición.

#### 3ª. CONDICIÓNS DOS/AS ASPIRANTES.

Ademais dos requisitos xerais sinalados na base quinta das bases xerais os/as aspirantes deberán estar en posesión do certificado de estudos primarios ou equivalente, ou estar en condición de obter a citada titulación na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

No caso de equivalencia ou homologación deberá xustificarse citando a disposición legal en que se recoñeza tal equivalencia ou aportando unha certificación expedida en tal sentido polo organismo competente para establecelas.

#### 4ª. EXERCICIOS DA OPOSICIÓN.

*Primeiro exercicio test: con carácter obrigatorio e eliminatorio.*

Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test de 20 preguntas con catro respostas alternativas, determinado polo Tribunal inmediatamente antes de celebrarse esta proba, baseado no contido do temario establecido na base 6ª durante o período de tempo que fixe o devandito Tribunal.

Este exercicio cualificarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para superalo obter un mínimo de cinco (5) puntos. A resposta correcta cualificaranse con 0,50 puntos, é as respostas incorrectas e preguntas deixadas en branco non descontarán puntuación.

Facultase ao Tribunal para que poida poñer preguntas de reserva tipo Test. Estas preguntas substituirán, pola súa orde correlativa, aquelas preguntas que, no seu caso, sexan obxecto de anulación despois da realización do exercicio.

*Segundo exercicio práctico: De carácter obrigatorio e eliminatorio.*

Consistirá nu exercicio práctico, que determinara o Tribunal inmediatamente antes de celebrarse esta proba e versará sobre as funcións propias da praza e terá relación co a parte específica do temario establecido na base 6ª. Este exercicio poderá ser de carácter manual ou escrito segundo determine o tribunal e se desenvolverá no tempo que se estipule polo mesmo.



Xoves, 19 de decembro de 2024

Núm. 246

Neste exercicio valorarase, entre outros aspectos, os coñecementos, capacidades, competencias profesionais e destrezas das persoas aspirantes.

A cualificación do exercicio será de cero (0) a dez (10) puntos; quedando eliminado/a o/a aspirante que non obteña un mínimo de cinco (5) puntos.

*Terceiro exercicio: coñecemento do galego de carácter obrigatorio e eliminatorio.*

Este exercicio consistirá na realización dunha proba escrita que serva para acreditar o coñecemento de idioma galego, que determinará o tribunal cualificador do proceso selectivo inmediatamente antes de celebrarse a proba, correspondéndolle ao tribunal a fixación tanto do tempo para realizar a proba como o nivel de coñecemento esixido para superar a mesma.

Este exercicio cualificarase como apto ou non apto.

Aqueles aspirantes que, consonte a base 7ª, acreditan xunto coa solicitude para participar no proceso selectivo o nivel Celga 1 de coñecemento da lingua galega, segundo o disposto na Orde de 16 de xullo de 2007 (pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega no seu anexo I), quedan exentos da realización deste exercicio dándolles por superada esta proba coa cualificación de apto. Esta exención haberán de acreditarla documentalmente xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo, dentro do prazo de presentación de solicitudes.

## 5ª. CUALIFICACIÓN DOS EXERCICIOS DA OPOSICIÓN.

A cualificación de cada un dos exercicios da oposición será a media aritmética das puntuacións outorgadas por tódolos membros asistentes do tribunal. Cando entre dúas puntuacións outorgadas por membros do tribunal exista unha diferenza superior a tres enteiros, serán automaticamente excluídas as dúas cualificacións, maior e menor das puntuacións outorgadas, calculándose a media aritmética coas puntuacións outorgadas polos demais membros do tribunal.

Os membros do tribunal só poderán cualificar os exames daqueles aspirantes ós que corruxiran o exame ou presenciaran a súa lectura, no seu caso.

## 6ª. TEMARIO.

Materias comúns.

Tema 1. Dereitos e deberes dos empregados públicos.

Tema 2. O municipio: concepto, elementos e competencias.

Tema 3. Organización municipal: o Pleno, a Xunta de Goberno Local e o Alcalde.

Materias específicas.

Tema 1. Nocións básicas de fontanería. Nocións básicas de electricidade. Recoñecemento e conservación de ferramentas.

Tema 2. Nocións básicas de xardinaría. Nocións básicas de ferraría. Recoñecemento e conservación de ferramentas.



Xoves, 19 de decembro de 2024

Núm. 246

Tema 3. Nocións básicas de albanelería e pintura. Recoñecemento e conservación de ferramentas.

Tema 4. Nocións básicas de mantemento de vías públicas. Bacheo. Montaxe e desmonte material requirido para o desenvolvemento de eventos públicos.

Tema 5. Nocións básicas de limpeza, mantemento e conservación das rúas, prazas, instalacións deportivas e de calquera outra instalación municipal interna ou externa.

Tema 6. Nocións básicas de conservación e mantemento de edificios públicos: reparacións de mobiliario, de electricidade, de fontanería, de instalacións, de xardinería e de carpintería.

Tema 7. A seguridade e saúde no traballo de operario/a de Obras e Servizos. Medidas de prevención de riscos laborais e primeiros auxilios.

#### ANEXO. MODELO DE SOLICITUDE

### CONVOCATORIA DE PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR DEFINITIVAMENTE PRAZAS VACANTES NO CONCELLO DE O PORRRIÑO INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2024.

D./D.<sup>a</sup>.....,  
provisto/a de DNI ....., con domicilio en .....  
....., teléfono núm. .... correo electrónico .....  
....., ante o Sr. Alcalde do Concello do Porriño, EXPÓN:

1º) Que ELIXE como medio de notificación preferente:

<input type="checkbox"/>	Electrónica a través do sistema de Notificación Electrónica do concello de O Porriño, en <a href="https://oporrino.sedelectronica.gal">oporrino.sedelectronica.gal</a> (neste caso a solicitude deberá ser asinada electronicamente).
<input type="checkbox"/>	Postal.

2º) Que convocado procedemento selectivo para a cobertura definitiva, polo sistema de oposición libre, de unha praza de oficial 1ª condutor de maquinaria subgrupo C2, dúas prazas de oficial 1ª albanel, subgrupo C2, e sete prazas de operarios de obras e servizos grupo AP, cuxo anuncio da convocatoria publicouse no BOE nº\_\_\_\_, de data \_\_\_\_\_ e desexando tomar parte no citado proceso selectivo, DECLARA:

a) Que son certos os datos consignados nesta solicitude e que reúne todos e cada un dos requisitos establecidos nas bases xerais e específicas da convocatoria que rexen o citado proceso de selección.

a) Que coñece e acepta as Bases xerais e específicas que rexen a convocatoria do proceso selectivo, polo sistema de oposición, para a cubrir definitiva, as devanditas prazas vacantes da plantilla municipal de funcionarios de carreira.

3º) Que achega coa presente a documentación esixida nas bases que rexen o citado proceso de selección:



Xoves, 19 de decembro de 2024

Núm. 246

	Fotocopia da titulación esixida nas bases xerais e específicas para a praza á que opte o solicitante.
	Declaración de responsabilidade de cumprir os requisitos sinalados na base 5ª das bases xerais, apartados d), e), f) asinada polo/a interesado/a.
	Fotocopia do certificado acreditativo do coñecemento da lingua galega, CELGA .....ou equivalente, requirido nas bases específicas para a praza á que opte.
	Xustificante do pagamento da cantidade ou cantidades dos dereitos de participación no proceso selectivo en función da praza/as a/as que opte.
	Fotocopia do carné de conducir clase C+E vixente, e do certificado de aptitude profesional (CAP). Só para os aspirantes que opten a praza de oficial 1ª condutor de maquinaria.
	Para o suposto de estar en situación de discapacidade, achego a documentación esixida na base 21ª das xerais e solicito a adaptación de tempo e/ou medios que se indica a continuación:

Por todo o exposto e declarado, SOLICITA: Ser admitido/a ao devandito proceso selectivo para poder ser nomeado funcionario de carreira como:

(marcar a praza ou prazas ás que opta)

	1 oficial 1ª maquinaria, grupo C, subgrupo C 2
	2 oficiais 1ª albanel
	7 operarios obras e servizos. AP

Marcar a opción da lingua na que elixe realizar os exercicios da oposición:

	Galego
	Castelán

....., .... de ..... de 2024.

(Sinatura do/a solicitante)

O/A interesado/a autoriza ao Concello do Porriño á publicación, no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, e na páxina web municipal [www.oporrino.org](http://www.oporrino.org), dos datos persoais, que consten no expediente da selección e que sexan necesarios publicalos de conformidade con estas Bases. A presentación da documentación requirida para participar no proceso de selección presumirá o consentimento para publicar a información nos termos indicados.

SR. ALCALDE DO CONCELLO DO PORRIÑO"



Xoves, 19 de decembro de 2024

Núm. 246

## RECURSOS PROCEDENTES

Contra este acto, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse o RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN ante a Alcaldía no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, ó abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da citada publicación, consonte ó disposto nos artigos 8-1 e 46-1 da Lei 29/1998, de 13 de xuño da Xurisdición Contencioso-Administrativa. No caso de interpoñerse o recurso potestativo de reposición, deberase resolver e notificar no prazo dun mes segundo establece o artigo 124-2 da devandita Lei 39/2015, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso de dito prazo sen resolución expresa notificada, podendo entón os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo, consonte ao establecido no artigo 46-1) e 4) da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Non obstante, tamén poderase interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes conforme a Dereito.

Documento asinado dixitalmente ao marxe.

